

A GALICIA ROSALIANA NA OLLADA DO VIAXEIRO VASCO: R. BECERRO DE BENGOA

XOSÉ ESTÉVEZ RODRÍGUEZ
Universidade de Deusto

Ricardo Becerro de Bengoa, publicista, pescudador e político alavés naceu en Vitoria-Gasteiz no ano 1845.

Amosou unhas inqedanzas intelectuais moi polifacéticas, pois escribiu sobre de temas tan variados como arqueoloxía, historia, biografía, mineiría, literatura, arte, electricidade, ensino e, ademais, narracións de viaxes como esta, que artella a presente comunicación.

Exerceu o periodismo en "Aquello" e "Solfeo", colabourou con teimosía pescudadora na "Revista de Vizcaya", "Euskal Erria", "Antiguo Reino de Navarra", "Ateneo", "Ilustración de Alava", "Revista de las Provincias eúskaras", "Anunciador vitoriano", "Revista contemporánea", "La Vanguardia", "Revista eúskara", "Boletín de la Sociedad Española de Excursiones", e fundou o semanario: "El Mentirón".

Foi membro da Academia de Ciencias, Correspondente da Real Academia de Historia, Conselleiro de Ensino Público, Cronista de Vitoria, Catedrático de Física e Química, Secretario da Comisión de Monumentos de Palencia, Socio de Número da Sociedade Económica de Amigos do País, Fundador e Presidente do Ateneo palentino e Socio fundador do Centro Literario Vascongado.

Na súa abondosa e rica xeira pescudadora e literaria recóllense arredor de 105 títulos, aínda que o meigallo do fado obrou de tal xeito que o libro no que baseamos esta comunicación, non se atope sementado no longo rego da súa bibliografía, recolleita por Yon Bilbao (1).

Interviu activamente en política dende posicións liberais e republicanas. Posteriormente, xa con 24 anos, asinou, en 1869, o pacto de Eibar en prol dun Federalismo español, con alicerces no modelo foral vasco. En 1891, pola conxunción liberal-republicana saíu deputado por Vitoria nun eido hexemónico do Carlo-integrismo, data na que se celebraron as primeiras eleccións de sufraxio universal en Alava.

(1) Yon Bilbao, *Enciclopedia General Ilustrada del País Vasco*, Bibliografía, Tomo I, San Sebastián, 1970, pp. 528-530.

Era senador pola mesma provincia en 1902, ano en que pasou a disfrutar do derra-deiro acougo (2).

Becerro de Bengoa realizou unha viaxe a Galicia no ano 1883, en que se rema-taron as obras do camiño de ferro. Usando o ferrocarril como medio de transporte, seguiu o devandito sendeiro férreo. Acougaba con certa tranquilidade nas estacións máis principais, dende as que enchía a curiosidade con curtas incursións complemen-tarias nas bisbarras adxacentes. As impresións da viaxe deunas ó prelo no mesmo ano 1883 con secuencial rigorosidade. O libro, imprentado en Palencia, contén 231 páxi-nas aínda que soamente dende a 133 se refira ó seu paso por Galicia (3).

O percorrido da dobre liña de ferro, Palencia-A Coruña, segue o mesmo traxe-co na actualidade. Penetra en Galicia por unha cativa banda do Norleste da Provincia de Ourense e o Sur da de Lugo. De alí enfía pola Terra Cha cara o Leste, mergullán-dose na Provincia da Coruña e por Betanzos chega ata o remate na capitalidade co-ruñesa.

No libro insérense mapas coas estacións e apeadeiros, aldeas e pobos chanta-dos no entorno do percorrido, os quilómetros dende Palencia e mesmo o precio dos boletos de viaxe. É merecente de louvanza o esforzo do autor por ateiga-lo contido das súas observacións; fica nítida, emporiso, que as súas impresións soamente poden abrangue-la realidade das bisbarras galegas, acoiteladas polo camino de ferro, aínda que cáseque na súa totalidade teñan licencia de extensión ó resto do País Galego.

Ademais desta intrínseca falla de integralidade abranxante, tódolos viaxeiros, que ollan de súpeto calquera País alleo, en maior ou menor degrao, non deixan de pa-decer croques aloumiñantes, coutadores da obxectividade. Os principais inconvin-tes, cegadores para unha axeitada imparcialidade, son, segundo o meu humilde enten-der, os seguintes.

1^o) Vicente Risco afirma en "Mitteleuropa": "Estaba no estado perfecto do observador e do viaxeiro: tiña a testa tan enteiramente baleira de ideas, que podía aproveitar canto vira e ouvira, sen deformalo con ningún preconcepto" (4). Fica claro que este estado de vaciedade "ideal" é máis un anxeio inacadable ca unha efectiva realidade, pois o viaxeiro camiña na obrigada campaña da súa ideoloxía, que, a pesa-res da boa vontade, distorsiona o visionamento da realidade. Deste ferrollo deforman-

(2) Os datos sobre a biografía e actividade política e pescudadora de Ricardo Becerro de Bengoa están tirados de: Yon Bilbao, *Enciclopedia General Ilustrada del País Vasco*, Auñamendi, Bibliografía, Tomo I, San Sebastián, 1970, pp. 528-530; *Enciclopedia General Ilustrada del País Vasco*, Auñamendi, Cuerpo B. Arte, Literatura y Lengua, Vol. I, Literatura, San Sebastián, 1978, pp. 394-395; *Enciclopedia General Ilustrada del País Vasco*, Auñamendi, Cuerpo A. Diccionario Enciclopédico Vasco, Vol. IV: Balzola-Bi, San Sebastián, 1977, p. 368. A. Rivera Blanco y P. Sanz Legaristi, *Las primeras elecciones del Sufragio universal de Alava (1890-1891)*, Kultura, Cuadernos de Cultura, 7, 1984, pp. 76-95.

(3) Ricardo Becerro de Bengoa, *De Palencia a la Coruña*, Alonso y Z. Menéndez, Editores, Palencia, 1883, pp. 76-95.

(4) Vicente Risco, *Mitteleuropa*, Galaxia, Vigo, 1984, p. 72.

te tampouco puido fuxi-lo noso observador, Becerro de Bengoa, como máis adiante amostremos.

2^o) As olladas dos viaxeiros están suxeitas a un ritmo alternante de fogueiras estoupantes, que conlevan unha dialéctica ambivalente de cegamento-refulxencia. O mesmo Risco xa adverte: “Todas estas primeiras experiencias han de ser, por forza, confusas i enleadas; han sela descrición do descoñecido, a viaxe dun cego, o naufraxio do senso no Maelstrom” (5). Este aloumiño contradictorio non permite unha análise paseniña, un afondamento totalizador e unha comprensión globalizante da realidade dun País, que como o galego, ademais, mantívose aillado, alonxado, pechado, ignorado e prexulgado ó longo dos séculos.

3^o) Tamén é preciso non esquecer que no maxín dos viaxeiros xorde deseguida, aínda sen pretendelo, a comparanza co País natal e unha rixosa teima de lostregar analoxías e diferencias, o cal afínca o distorsionamento desapaixoadado do obxecto.

4^o) Sen desbotar estas evidentes dificultades, tampouco é correcta a posición de abafallar tódalas aportacións que poidan ofrenda-los viaxeiros foráneos, xa que logo a súa visión e posicionamento non están xunguidos á mediatez, paixón, liortas e intereses, que a cotío atinguen e complican os asuntos propios.

Co previo asentamento destes inconvintes, Becerro de Bengoa fita o País Galego con gorentosa simpatía e as súas impresións teñen un apreciable significado como plataforma analítico-comparativa e como medio de coñecemento da Galicia finiseccular dende unha perspectiva allea.

Con finalidade metodolóxica divideremos en planos, nitidamente diferenciados, a visión, que o observador vitoriano nos espraia.

1. A Demografía

O primeiro dato que debruza o noso observador, ó chegar ás vilas e cidades, é a súa cantidade de poboación: O Barco de Valdeorras apreixaba 620 habitantes (p. 140), Monforte de Lemos 3.800 (p. 173).

A cidade herculina vese gorentada por unha triple información: en 1846 contiña 19.760 habitantes, medra ata 23.250 en 1873 e remata con 36.156 no ano 1883 (p. 214). Polo tanto, en menos de 50 anos duplicou a poboación.

Pasma asimesmo, que a poboación do País sexa tanta a causa “dos numerosos matrimonios que se fan entre os labregos sen medios de sostenemento e sen profundar nas consecuencias” (p. 199).

Indica o estado sanitario da poboación, aducindo como doenzas máis espalladas: “Os reumas, as intermitentes, os infartos, as apoplexías e o “quebranto”, doenza do corazón, que remata con moi boas naturezas e debe recoñecer por causa o uso contido

(5) Vicente Risco, *Mitteleuropa*, Galaxia, Vigo, 1984, p. 108.

de certas funcións” (p. 147). Unhas páxinas máis adiante, abráiase diante a frugalidade da alimentación dos labregos, que se compón, fundamentalmente, de catro *candoi-tos* diarios a base do acostumado pote de caldo, a cotío no lume, contendo berzas, patacas, un anaco de unto de porco e, ás veces, fabas. De feito o viaxeiro engade:

“Ás oito da mañán deixan a labor e almorzan unha cunca do devandito caldo e pan de centeo ou de millo; ás doce xantan unhas papas do mesmo e, despois de anoitecer, toman outra outra outras uncas de caldo con pan. Nin máis, nin menos. Cando hai algún forasteiro a quén agasallar, poñen touciño no pote, e, si é o día da festa do pobo ou algunha gran festividade, agasállase a familia con carne e pan branco” (p. 200).

2. A Economía

A pobreza do labrego galego cáusalle unha impresión deprimente (pp. 135, 157, 196, 197-199), aínda que por outra banda está a fertilidade de moitos vales e bisbarras como as de Valdeorras, Vila-martín, Rúa-Petín, Quiroga, Lemos, Sarria, Betanzos e, en xeral, Galicia (pp. 163 e 197).

Desfaise en gabanzas da gandería, afirmando que “é a millor de España” (p. 231) e entende o feito de adicar grandes extensións de terreo ó cultivo do toxo, xa que cómpre para alimento do gando e combustible caseiro (pp. 194, 205 e 206), sen decatarse da súa utilización para enxendrar estrume e obte-lo fertilizante esterco. Cando reclama o alto cume da gandería galega, refírese cáseque en exclusividade á vacuna; mais non deixa de apamparlle a abundancia do porco e, sobre todo, a liberdade con que pasea polas rúas, producíndolle unha noxenta impresión. Home progresista, fundamente inqueda polos temas hixiénicos, sanitarios e urbanísticos, adica ó pasacorredoiras porcino este abafallante sintagma: “Aparece o porco, invadindo as rúas, coidado con agarimo na casa, e facendo sucios ós pobos, que poderían ser limpos, sáns e pintorescos; cuxo antergo defecto é xeral en toda Galicia, donde atoparemos por tódolos currunchos iste saboroso i antiestético animal” (p. 141).

Centeo, millo, patacas e trigo son os cultivos principais. A eles engade, nun segundo plano: as hortas, dos farturentos vales como Valdeorras (p. 140), Vilamartín (p. 144) e Betanzos (p. 201); os castiñeiros, que enfeitán as ladeiras asolanadas e en Vilamartín producen 800 fanegas de castañas na maioría para consumo humano (p. 144); o viñedo, que se espreguiza ó longo das bisbarras de Valdeorras e Quiroga, cunha produción de 60.000 arrobas no Barco (p. 141) e 50.000 en Vilamartín (p. 144), e en proceso de mellora polo uso do xofre contra o oidium e, como remate, as oliveiras, que na bisbarra de Quiroga abastan de aceite ós habitantes.

Soamente menta, o esgrevío viaxeiro gazteitarra, unha soa ferrería en todo o traxecto ésta chantábase en Sobrado, pobiño ó comezo da bisbarra de Valdeorras e case na mesma entrada de Galicia (p. 139).

A primeira fábrica non amosa a súa faciana ata o val de Sarria a 106 kms. da entrada de Galicia por ferrocarril e xa no mesmo corazón da Provincia Lucense, i era unha fábrica de coiros (p. 177).

Dende a sarriana bisbarra ata a cidade coruñesa, Becerro de Bengoa, conta miudamente as restantes fábricas, asentadas nos seguintes pobos:

- En Lugo: 6 de coiros e 4 de chocolate (p. 192).
- En Rábade: 1 canteira de xisto (p. 193).
- En Oza: 1 serreira de piñeiros (p. 206).
- En Betanzos: 3 fábricas de coiros (pp. 209 e 210).
- En Cambre: 1 fábrica de fariña (p. 212).
- Na Coruña e arredores: 4 fábricas de fariña, 3 de coiros, 6 de chocolate, 6 de xabrón, 10 de salazóns, 4 de tecidos, 4 de almidón, 1 de vidro e 1 de tabaco (pp. 215, 217, 228-229 e 230).

En total, 56 fábricas, se engadimo-la xa mentada ferrería de Sobradelo.

Calquera se decata da nítida hexemonía do coiro con 13 fábricas, séguenno as de salazóns con 10 e as de chocolate coa mesma cantidade, veñen agallopando os tecidos con 8 fábricas e a fariña con 5, namentres as demais ocupan escalóns moi inferiores.

Esta curta excursión mostra deducións moi suxerintes:

1^a) A frouxa industrialización en Galicia de finais do dezanove. Nun percorrido aproximado de 256 kms. de ferrocarril soamente especifica 56 fábricas, sen arredar do cómputo algunhas de dubidosa nomeación como serrerías, canteiras e ferrerías. O grupo máis numeroso rega a paisaxe que arrodea a propia cidade herculina, aínda que o observador advirta: “Na Coruña está a representación do comercio do N.O. de España, cuxa vida e movemento medran en progresivo desenrolo, así como a industria, que, aínda hoxe non é moi grande, mais está chamada a prantexarse en gran escada, co trasego de produtos e xentes, que necesariamente levarán a vía férrea directa e a rede completa das vías galegas” (p. 299).

2^a) Un sinxelo repaso descubre outro carácter sobresaínte da industrialización: a estreita dependencia e asoballante vencello das principais industrias co sector primario, como manifestan as altas porcentaxes de industrias do coiro, xabrón, chocolate, fariña, salazóns.

3^a) A presenza aguilloante dun pequeno sector burgués de ascendencia vasca no mundo proto-industrial galego, segundo mostran os apelidos: Ugarte (fábrica de vidro), Etchevarría e Lizarrague (fábricas de coiro).

4^a) A senlleira importancia, que concede o noso viaxeiro, ó ferrocarril para o erxemento industrial de Galicia (pp. 197, 229 e 231).

3. A Sociedade

Na ollada do viaxeiro vitoriano lucen algunhas facianas da realidade social galega, especialmente campesiña, que perviviron e nalgures perviven como anacos supervivenciais do Antigo Réxime na Galicia rural.

A súa cosmovisión liberal-progresista e o seu coñecemento dunha Vizcaya, xa rexamente chantada na xeira industrializadora, batían coa pobreza do labrego galego. Así, a fertilidade do chan queirogués atrícase coa miserenta situación do labrego: “Ninguén diría que nistes países tan pintorescos vive o rústico do lugar tan homilde, probe e descoidadamente” (p. 157). Engade, emporiso un aguillón despectivo sobre a esmorecente afición ó traballo dos labregos das bisbarras, valdeorresa e queiroguesa: “Asegún confesan os mesmos habitantes do País, tanto eiquí como en Valdeorras, o labrego non traballa nin a décima parte do que debera para respostar á natural riqueza do chan, que, ben coidado, proporcionaría abondosos froitos” (p. 157).

A situación miserenta amplíase á vivenda, que, en comparanza cos grandes pazos, é arrichadamente pobre: “Témero é o contraste que forman as grandes casas e casi señoriais posesións e as aldeias rurais destas bisbarras por outra banda. Nada hai máis homildoso, probe e descoidado que a casa dun labrego”. (p. 157).

Tópase na costa co traballo das mulleres, “cas súas aixadas a carón dos labregos” (p. 206), e nestes últimos admira a sobriedade e resignación con que tiran da terra continuas colleitas, “Cas que sostén a moitas xentes, máis ou menos empoleiradas, sen poder sosterse casi él mesmo”. (p. 197); feito que lle obriga a consignar unha fonda e xeral desigualdade social: “Os propietarios medianos e ricos viven ben eiquí, como en tódalas partes; mais os colonos, probes e miserentos, como tamén en tódalas partes, sofren con pacencia e sen achego unha existencia moi tristeira”. (p. 198).

Sinala Becerro de Bengoa as causas que provocan “a probe condición do labrego e a necesaria emigración” (p. 199) (—A emigración, tradicional cancro da demografía galega, soamente merece esta cita de esguello—):

1^a) Os sobexos e inxustos trabucos, “que afondan as casas das labregos, matan os pequenos aforros de froitos; fánlles vender o cuxo, o porco, as galiñas e casi todo o millo, que garda no hórreo, i énceos de débedas, que os abaquiroan á miseria” (p. 198).

Baseándose en datos dun publicista galego, afirma continuamente que unha familia galega, composta por 7 persoas, que traballe 36 ferrados (330 áreas), despois de pagar tódolos trabucos e gastos máis obrigados, quedalle para comer, beber e vestir: 1791 réas diarios. Esta fiscalidade, sobre todo, a do cultivo e gandería, supón un verdadeiro castigo para o labrego. Familias enteiras, asegura o viaxeiro, mesmo abastadas, arrendan as terras e vanse ás cidades, se os colonos páganlles con certa regularidade unha pequena renda. E remata aseverando que, a pesares dos continuos estudos feitos dende a metade do século ata agora para reforma-lo sistema fiscal, non se logrou nada.

2^a) Os foros, que conlevan o dominio útil e directo. Bengoa atreveuse a dicir que o malestar por esta causa iría desaparecendo co tempo, cando, en realidade, a loita antiforista recrudeceuse fera a finais do dezanove e comezos do século XX. O meirande malestar produciáao: “a xebre cláusula do comiso, asegún a cal o Señor facíase dono da finca aforada, si o colono non pagaba a renda tres anos seguidos” (p. 199).

3^a) A falla de instrucción, aplicada á agricultura. Para o noso autor, inqueda

pola temática educativa e pedagóxica na mellor tradición da Ilustración Vasca, a educación era o fundamento esencial para a reforma da sociedade, pois os labregos incul-tos carecen de capacidade para entender: “as ventaxas que lles tragerían as progresi-vas i eficaces milloras e a súa posta en práctica” (p. 199).

4^a) A cicateira e extrema división e subdivisión da propiedade, da que o obser-vador cala as causas.

5^a) A usura e a falla de camiños veciñais, “que coutan a saca da riqueza dos montes e canteiras” (p. 199).

6^a) A excesiva poboación (–xa mentada na análise demográfica–), froito “dos numerosos matrimonios feitos entre labregos, sen medios de sostenemento e sen mati-nar nas conseqüencias” (p. 199).

As solucións para o rexurdimento do labrego deste mísero lameiro mergulláanse dentro da ideoloxía liberal, progresista, harmonicista e non clasista, do noso viaxeiro, sen deixar nalgúns intres de atoparse sobada por certas doses de “utopismo” e anxelica-lismo social. El nomea tres grandes solucións:

1^a) O remate completo da rede de camiños de ferro, que comunicará, a oito e de xeito directo, Galicia co resto do Estado Español (pp. 157 e 197).

2^a) Un acordo solidario e filantrópico das clases ricas, ilustradas, intelixentes e urbanas, que deberán esforzarse para mellora-la sorte da poboación rural. Esta, polos seus propios medios, non pode erguerse: “Da iniciativa dos colonos non pode esperar-se rén, pois que son sobrios, sofridos e homildes por necesidade, xa que nada amansa sin acouga tanto como a miseria” (pp. 199-200).

3^a) Este labor de rexurdimento social será procurado polas devanditas clases para acadar unha harmonía social, característica do liderazgo das clases medias esta-bles. Nesta procura non intervén un estricto deber de xusticia, senón “porque non hai xeira máis nobre para o exercicio da intelixencia que a práctica da caridade a prol dos que sofren” (p. 199).

Neste interesante relato non silencia insertar unha descripcón costumista do car-ácter do labrego galego, a quen enfatela con estes feitizos: É pacífico, honrado, sabe moito de leis polo trato a cotío coa xusticia (p. 200); é falador, ledado, garimoso, escazu-rrado, moi longo nas cavilacións (pp. 147 e 201); sabe do campo o que souberon os seus avós, non é partidario das innovacións, fai decote uso de refráns e tén un fondo sentimento relixioso polas almas dos defuntos (p. 201); idolatra a súa aldea, a familia e máis a gaita, das cales os seus sons electrízanlle o corazón, e non perde as feiras e mercados, onde vende os seus produtos (p. 202); conservan aínda os homes o traxe tradicional nas Provincias de Ourense e Lugo e as mulleres en todas (pp. 201-202); vese asoballado por algunhas doenzas morais, entre as que sobresaen: a blasfemia, a desho-nestidade e a usura (p. 147) e aproveita os días de festa para aledarse co viño nas tabernas (p. 200). O acontecer diario dun labrego descríbese deste xeito:

“Ten unha moi probe casa, feita e cuberta de xisto, co hórreo diante e a carón

as medas da herba, labra os seus ferrados (= pouco máis dun tercio de fanega) de millo, centeo e un pouco de trigo, as súas veigas de patacas, fabas e berzas, un pouco de liño e coida dunha xunta de bois e vacas de labor. As mulleres arranxan o fogar, engordan o porco e vixían as galiñas. Os rapaces levan 20 ou 30 ovellas da casa ó monte; e ninguén folga, ninguén acouga, nin nos días de labor, nin nos de festa, despois da Misa.” (p. 200).

4. A Lingua

Peta na connatural curiosidade a teimosía do vitoriano por adxudicarlle oríxes ibéricas a unha morea de topónimos, fenómeno xunguido á teoría vasco-iberista, moi espallada na coxuntura finisecular entre os estudiosos. Burbia provén de Ur-Bi = Dúas augas (p. 120); Corullón procede de Gor-Uli-On = Alto-Pobo-Bón (p. 121) e Coruña deriva de Cur-Oña = Concavidad-Touticelo (p. 220).

Abandonando esta faciana, quizais anecdótica, merecen suliñarse outras observacións máis sobranceiras:

1ª) Recoñece, o dilixente gazteitarra, que a lingua galega é a propia do País (p. 147), empregada a cotío polo labrego. As preguntas en castelán este respostará en galego a base de refráns: “O qui fai ó viño, non fai o chicolate” (Sic) (p. 200); “En Febreiro-súbete ó outeiro-é si ves ó centeo vendejar ponte á chorar-é si o ves terrejar podeste alegrar” (Sic) (p. 201).

Se alguén lle propón renovacións, o labrego remosqueará gargallando: “¡Iso é bon para as terras de fora! Aquí con catro leiriñas que teñamos, unha para ó millo, outra para os nabos, outra para ó liño, é outra para ó centeo, ja tenemos abondo”. (Sic) (p. 201).

2ª) Recolle un vizoso grupo de escritores, mais sen disterar aqueles que adoitaban escribir en galego dos que utilizaban o castelán como lingua normal de comunicación. “A literatura ten unha moi diña representación nas insiñes escritoras: Doña. Emilia Pardo Bazán, Dña. Concepción Arenal e Dña. Rosalía Castro de Murguía...” (p. 229); e a isto engade unha longa relación de 25 escritores, entre os que inclúe a Murguía, Brañas, Golpe, La Iglesia, etc.

3ª) Advirte o viaxeiro unha penetrante castelanización entre as mulleres de certo escano cultural, que empregan un castelán, algo eivado e azucrado polo melódico acento galego: “Abondan as mulleres, moi agraciadas, que, como tódalas galegas de algunha cultura, falan o castelán ca dozura e soavidade da súa propia língoa, moi diferente do que, con menos chatas e máis dureza, óuveuse falar nas terras chás de Castela” (p. 147).

No eido da vestimenta tamén se deixa senti-la perda dos costumes enxebres: “Non se ven nesta bisbarra de Ourense os galegos típicos da monteira e do calzón. Os de Valdeorras visten á castelana, de fundo, chaqueta e pantalón, e as mulleres con lixeiros traxes de percal e froleados panos” (p. 147).

As aportacións de D. Ricardo en eidos como o político, etnográfico, histórico, urbanístico, etc., alongarían esta comunicación, que a normativa do Congreso obriga a coutar, rachando a xeira expositiva e establecendo unhas conclusións, apretadamente sintéticas.

Ricardo Becerro de Bengoa, ó través da fugacidade dunha viaxe presenta a Galicia de finais do dezanove, aínda en vida de Rosalía, enramallada con estes arnaxes:

1ª) País esencialmente rural, de excesiva poboación, mal mantida e sen variación.

2ª) O chan é farturo, mais os labregos e colonos, que compoñen a maioría da poboación, son pobres a causa dos trabucos, os foros, a falla de instrucción, a miúda división da propiedade, a gran cantidade de poboación, a usura e o carecemento de comunicacións.

3ª) Os principais recursos agrícolas son: centeo, millo, patacas, trigo, castañas e nalgunhas bisbarras: viño e aceite.

4ª) A industrialización é fortemente tímida e soamente amosa un temesiño empuxe nos arredores de A Coruña, aínda que se atopa fondamente vencellada ó sector primario.

5ª) O labrego emprega a cotío a lingua propia: o galego, aínda que a castelanización xa penetrou no sexo feminino, pertencente a un estatus elevado.

6ª) O remate completo da rede dos camiños de ferro será o aguillón guindador do erguemento económico e social de Galicia.